

# RELATORIO SOBRE ACTUACIÓN POLICIAL O DIA 18 DE DECEMBRO NAS INMEDIACIÓNS DO CENTRO PENITENCIARIO DE TEIXEIRO

## ANTECEDENTES

EsCULcA (Observatorio para a Defensa dos Direitos e Liberdades) ven constatando con preocupación as restriccións que na Galiza está a padecer o exercicio do dereito de reunión e manifestación consagrado no artigo 21 da Constitución de 1978. Son varias as Resolucións Administrativas da autoridade gobernativa que no último ano deron unha interpretación estrita deste dereito de configuración constitucional e dos mínimos requisitos que para o seu exercicio impón a LEI ORGÁNICA 9/1983. Así, ditáronse acordos prohibindo concentracións por estas teren sido comunicadas fora de prazo, mesmo no caso en que a causa de urxencia da convocatoria era patente.

Son numerosos tamén os expedientes sancionadores incoados nos últimos dous anos ao amparo da lei de seguranza cidadá a participantes en concentracións e manifestacións.

É neste contexto que ESCULCA, en exercicio das suas finalidades Estatutarias, decide emprender un traballo de observación en determinados actos, manifestacións ou reunións celebrados ao longo do país, para comprobar se se observa o escrupuloso respecto ao dereito constitucional que plasma unha das formas de participación directa da cidadanía no exercicio da acción política. Neste mesmo contexto, e con o propósito de documentar as irregularidades que eventualmente viñeren a producirse para poder dar conta delas, EsCULcA decide elaborar en cada caso un relatorio que recolla todas as incidencias observadas directamente e incorporar en apéndice aqueloutras, anteriores ou posteriores ao desenvolvemento do acto en si, de que tiver constancia. Estes relatorios son enviados posteriormente aos portavoces dos tres grupos do Parlamento Galego, ao Valedor do Pobo, á oficina do *Defensor del Pueblo* así como a organismos e observatorios europeos, deputados galegos no Congreso e no Parlamento Europeo e meios de comunicación social.

Como é habitual, neste relatorio consígnanse separadamente aqueles feitos que as equipas de observación constararon *de visu* e aqueloutros de que tivo constancia a través doutras fontes.

## **CONCENTRACIÓN NAS INMEDIACIÓN DO C.P. DE TEIXEIRO - 18/12/2011**

Às 16:00 do dia 18 de decembro ten lugar unha concentración diante do Centro Penitenciario de Teixeiro (Paradela) en solidariedade coas persoas presas e en protesta polas condicións do cárcere. Participan 70 persoas aproximadamente.

Unha equipa organizada por EsCULcA, previa comunicación á Delegación do Goberno en Galiza (ver anexo I), observa o desenvolvimento do acto.

## **DISPOSITIVO POLICIAL E DESENVOLVIMENTO DA CONCENTRACIÓN**

8 vehículos da Garda Civil e a Garda de Tráfico, coas respectivas dotacións, están situados diante do Centro Penitenciario. Non se permite ás persoas que participan na concentración nin aos membros da equipa de observación aproximarense das dependencias da prisión nin estacionaren os seus automóbiles no explanada do centro.

Un axente da Garda Civil grava as persoas que participan na concentración e alguns membros da equipa de observación de EsCULcA.

Y.F., observadora de EsCULcA, pregunta a un axente, que se identifica como responsábel do operativo, se esta gravación está autorizada. O axente contesta afirmativamente.

Tres membros da equipa de observación constatan que os dous axentes situados diante do portón de entrada do C.P. non levan á vista a placa identificativa.

Cando se lles fai notar esta irregularidade, os dous axentes indican que o levan debaixo do equipamento anti-disturbios. "Quieres que me desnude aquí?", pregunta un deles (identificado posteriormente co número J71581K ) a R.V., observadora de EsCULcA. As tres observadoras de EsCULcA son identificadas por estes dous axentes, que argumentan o seu proceder como "lóxica reciprocidade".

Inmediatamente, segundo todos os indicios por indicación do axente identificado como responsábel do operativo (que tampouco leva o número de identificación á vista), os dous axentes proceden a declamar o seu número de identificación: E20727U e J71581K. As observadoras de EsCULcA non poden comprobar se estes números coinciden cos verdadeiros porque os axentes manteñen oculta a placa en todo momento. O responsábel do operativo non facilita o seu número en ningún momento.

A equipa de observación constata que, próximo aos axentes da Garda Civil situados xunto á cancela do valado que rodea o estacionamento, un individuo (robusto, non moi alto, cabelo raro, de aproximadamente 50 anos) vestido con uniforme de funcionario de II.PP. observa e toma fotografías das persoas que participan na concentración.

En determinado momento, dúas persoas das que participan na concentración diríxense ao portón de entrada do C.P. con intención, segundo manifestan posteriormente á equipa de observación de EsCULcA, de entregar información escrita ás persoas que permanecen detrás do valado (presumibelmente familiares de persoas internas que esperan o seu turno de visita). Os axentes que controlan a entrada e o funcionario de II.PP. que toma fotografías impiden que se aproximen e elles lanzan os panfletos por riba do valado. As dúas son identificadas por axentes da Garda Civil. "Estos papeles te van a salir caro", afirma un dos axentes.

Outra persoa do grupo de manifestantes diríxese ao lugar e, despois dunha troca de palabras cos axentes, distribui algúns panfletos sen que ninguén o impida.

Despois de permaneceren concentradas durante algo menos de dúas horas, as persoas que participan no acto desprázanse uns 70 mts. en dirección á estrada de Compostela (N634) e ali continuan coreando lemas durante uns 15 minutos. A seguir lanzan un globo aerostático de pequenas dimensións, que se eleva e desaparece en medio da poalla, e dan por concluído o acto. No momento de iniciarse o desprazamento, varios axentes provense de material anti-disturbios que non chegan a utilizar.

Durante as dúas horas que dura a concentración, o grupo ocupa o carril máis próximo ao C.P. Esporadicamente ocupa tamén parte do outro carril.

Dado o escaso tránsito da zona e a atitude pacífica das persoas que participan, o acto non ocasiona en ningún momento obstáculo algúnn para a circulación de vehículos.

Tampouco obstaculiza o tránsito, polas mesmas razóns, un vehículo policial (PGC 3081-B) que permanece durante algún tempo estacionado ilegalmente (sobre raia contínua, en sentido contrario e sen luces de emergencia).

## OBSERVACIÓN

A actuación do individuo identificado polo seu uniforme como funcionario de II.PP. a que antes se fixo referencia ten, na opinión da equipa de observación de EsCULcA, difícil engaste legal.

Certo que o Regulamento Penitenciario, se ben confere (Art. 63) a seguridade exterior dos CC.PP. ás forzas e corpos de Seguridade (non ao persoal de II.PP.), tamén establece unha competencia residual do persoal penitenciario (en materia de seguridade exterior, as forzas e corpos de seguridade recibirán indicacións do Director do Centro Penitenciario) e cabe a posibilidade de que o individuo en cuestión impartise indicacións aos axentes da Garda Civil como mando de incidencias ou delegado do mesmo.

Contodo, ainda que lles permite dar indicacións, o artigo 63 non autoriza os Directores a asumir funcións propias de seguridade exterior. Nese sentido, a actuación do individuo que identificamos como funcionario de II.PP. excede dese posible amparo

regulamentar cando procede a tomar fotografías dos manifestantes, unha función - insistimos- propia de seguridade conferida aos corpos de seguridade do estado e regulada na LEI ORGÁNICA 4/1997 DE 4 DE AGOSTO (onde se supeditan a autorización).

Por outra parte, e co ánimo de confirmar que con efecto o uso de video-cámaras móbiles por axentes da Garda Civil cumpría os requisitos establecidos pola lei, EsCULcA formulou petición á Delegación do Goberno en Galiza para que lle sexa entregada copia da correspondente autorización (anexo II)

## RECOMENDACIÓN

1. Apesar das numerosas denuncias que provoca o reiterado incumplimento da Instrucción 13/2007 por parte dos axentes das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, non se constata avance ningún que permita albergar esperanzas de que nun futuro próximo se producirá o necesario cambio de actitude nos funcionarios encargados de facer cumplir a lei. Para corrixir esta situación, EsCULcA propón que se adopten as medidas en sede disciplinaria que procedan contra os axentes actuantes e os seus mandos.
2. Perante a notoria desproporción entre o dispositivo despregado e o número e actitude dos manifestantes, EsCULcA recomienda que as autoridades gobernativas revisen os protocolos de actuación das UIP, por estimar que actuacións como as descritas non se axustan aos principios de necesidade e proporcionalidade de acordo coa interpretación que deles ven facendo a xurisprudencia.
3. Igualmente deberán ser tomadas as medidas que correspondan contra o funcionario de II.PP. que excede as súas funcións ao tomar fotografías de manifestantes, cuxa actuación, como antes se explicou, non pode ter amparo na LEI ORGÁNICA 4/1997 DE 4 DE AGOSTO, que limita o rexime de autorización de captación de imaxes ás forzas e corpos de seguridade do estado (art.5).

## ANEXOS

- Anexo I: Comunicación á Delegación do Goberno (rexistro 09/12/2011).



OBSERVATORIO PARA A DEFENSA DOS DIREITOS E LIBERDADES

SUBDELEGACIÓN DEL GOBIERNO - OURENSE
Documento presentado al amparo de lo dispuesto en el Art. 38.4 b/ de la Ley 30/1992
FECHA: - 9 DIC 2011
HORA:.....

Á/A SR. DELEGADO DO GOVERNO EN GALIZA

Yolanda Ferreiro Novo, con documento de identidade nº 32.823.661-Q, e con enderezo a efectos de notificación en Rúa San Andrés 106, 2º, 15003, A Coruña, en nome da asociación *Esculca. Observatorio para os Dereitos e Liberdades*,

DI:

1. Que a devandita asociación, co gallo da *Marcha á prisión de Teixeiro* convocada para o sábado 17 de decembro, vai poñer en marcha un equipo de observadores, orientado a contribuír ao respecto dos dereitos fundamentais das persoas asistentes a dita manifestación e, especificamente, á observación do desenvolvemento da reunión.
2. Que tal equipo de observación, depende da asociación *Esculca* e, en tal medida, é autónomo en relación aos convocantes da Marcha.
3. Que, sen prexuízo do antedito, o equipo de observación incardina o seu funcionamento no marco das medidas en caso de reunións e manifestacións mencionadas nos arts. 4.2, 9.1.e L.O. 9/1983, de 15/VII, reguladora do Dereito de Reunión.
4. Que, alén de todo o apuntado, o equipo de observación orienta o seu actuar de conformidade cos diversos *legal teams* postos en marcha por asociacións de defensa dos dereitos fundamentais ao longo da última década con ocasión de manifestacións nunha pluralidade de países europeos, e recoñecidos polas autoridades correspondentes.
5. Que manifesta todo iso aos efectos do mellor acomodo ao previsto na L.O. 9/1983.

A eses efectos, asína-se a presente en Santiago de Compostela, a 9 de decembro de 2011.

Asdo.: Yolanda Ferreiro Novo.  
Esculca, Observatorio para a Defensa dos Dereitos e Liberdades

- Anexo II: Petición á Delegación do Goberno de copia da autorización a Garda Civil para o uso de vídeo-cámaras móviles (rexistro 09/01/2012).



A DELEGACION DO GOBERNO DE GALICIA

YOLANDA FERREIRO NOVO, maior de idade, provista de D.N.I 32.823.661-Q, coñecida en Ourense, en Rúa do Pasen número 24, 2º, 32003 Ourense, en representación de EsCULCA. Observatorio para a Defensa dos Dereitos e Liberdades (CIF num. G15881014) ante a Delegación de Goberno compárce e como mellor proceda na Dorsito

DI

Que ESCULCA OBSERVATORIO PARA A DEFENSA DOS DEREITOS E LIBERDADES acudía en calidad de entidade observadora á celebración da concentración diante do CP de TEIXEIRO celebrada o día 17 de decembro de 2011. A devandita actuación de observación foi comunicada á autoridade gobernativa e achegamos copia.

Que na sua actuación o equipo de observación de ESCULCA constatou que os axentes da GARDIA CIVIL actuante portaban vídeo-cámaras móviles durante todo o desenvolvemento do acto.

Que a fin de rematar o seu traballo de observación do devandito acto e elaborar o informe pertinente interessa a miña representante se lle expida e remita copia compulsada, constando selos de entrada e saída, de:

Solicitud formulada no abeiro do art.5 da LEI ORGANICA 4/1997 DE 4 DE AGOSTO, polos responsables do operativo policial previsto para a utilización de vídeo-cámaras móviles o dia 17 de decembro de 2011 na devandita manifestación nas inmediacións do CP DE TEIXEIRO.

Resolución motivada de autorización de vídeo-cámaras móviles polo operativo policial o dia 17 de decembro de 2011 na devandita manifestación nas inmediacións do CP DE TEIXEIRO , expedida ao abeiro do art.5.2 la LO 4/1997 DE 4 DE AGOSTO, manifestación.

En virtude do exposto

SOLICITO

tendo por presentado este escrito, se sirva admitilo, e con base as alegacións nel contidas, se teñan por feitas as manifestacións que obran no mesmo, expida e remita a favor de ESCULCA copia compulsada constando selos de entrada e saída, de:

Solicitud formulada no abeiro do art.5 da LEI ORGANICA 4/1997 DE 4 DE AGOSTO, polos responsables do operativo policial previsto para a utilización de vídeo-cámaras móviles o dia 17 de decembro de 2011 na devandita manifestación nas inmediacións do CP DE TEIXEIRO.

Resolución motivada de autorización de vídeo-cámaras móviles polo operativo policial o dia 17 de decembro de 2011 na devandita manifestación nas inmediacións do CP DE TEIXEIRO, expedida ao abeiro do art.5.2 la LO 4/1997 DE 4 DE AGOSTO, manifestación.

Ourense a 9 de xaneiro de 2012,

Asinado: Yolanda Ferreiro Nova